



## Teaching Guide

Identifying Data					2015/16
<b>Subject (*)</b>	Creación e dirección de empresas (optativa)			<b>Code</b>	620G01029
<b>Study programme</b>	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte				
Descriptors					
<b>Cycle</b>	<b>Period</b>	<b>Year</b>	<b>Type</b>	<b>Credits</b>	
Graduate	1st four-month period	Third	Optativa	6	
<b>Language</b>	Spanish				
<b>Teaching method</b>	Face-to-face				
<b>Prerequisites</b>					
<b>Department</b>	Economía Aplicada 1				
<b>Coordinador</b>	Agullo Leal, Fernando	<b>E-mail</b>	fernando.agullo@udc.es		
<b>Lecturers</b>	Agullo Leal, Fernando	<b>E-mail</b>	fernando.agullo@udc.es		
<b>Web</b>	fagullo.info				



<b>General description</b>	<p>A asignatura de Creación e Dirección de Empresas intégrase no plan de estudos do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte con carácter optativo. Para xustificar a súa inclusión neste plan de estudos pódese dicir que é unha maneira de facer fronte a situación na que se atopan os mozos ao tratar de se incorporar ao mercado de traballo e as dificultades que teñen que superar quenes pertencen ao devandito colectivo e ademais son titulados universitarios. Aínda a situación non é tan mala ca de outros colectivos e que a taxa de paro entre os universitarios veuse reducir nos últimos anos, estes seguen atopándose con moitas dificultades a hora de incorporarse ao mercado laboral e cando o conseguen é en condicións bastante precarias. Esta situación non é idéntica para todos os titulados xa que depende en gran medida do título que se posúa e da duración dos seus estudos, ou o que é o mesmo, do nivel do título alcanzado: graduado, mestrado ou doutor.</p> <p>Habéndose pechado notablemente unha das súas súas profesionais en Educación Física, respecto do que noutras épocas sucedeu, como era o Ensino, unha das alternativas laborais dos nosos alumnos atópase na xestión do deporte. Nunha sociedade na que as formas de organización económica son cada vez máis complexas, é necesario para quenes dexesen por en marcha a súa propia empresa ou quenes se dediquen á xestión do deporte e das empresas deportivas, o estudo da presente materia é, non só instrumento para o coñecemento e comprensión dos procesos económicos, senón tamén para a formación de actitudes éticas e sociais fronte a problemas tales como a creación de riqueza pola empresa, o seu papel na economía, a súa función na distribución de riqueza, o situación actual do mercado de traballo para estes licenciados, en definitiva, a importante función social da empresa no momento presente, etc.</p> <p>Ante esta situación, e en consoancia co que se ven facendo dende a propia UE, dende a Universidade e outros estamentos oficiais, incorpórase ao plan de estudos esta materia tratando de inculcar o espírito emprendedor e a metodoloxía da creación e dirección de empresas entre os futuros licenciados. En definitiva, téntase acadar que os alumnos teñan curiosidade polo eido empresarial, e que tras unha análise crítica da situación e da súa incorporación ao mercado laboral, espertar neles a súa capacidade creativa, e fomentar o espírito emprendedor.</p> <p>A asignatura abrangue tanto a dimensión interna da empresa como das relacións coa súa contorna externa. Malia que pola súa natureza, esta materia ten un contido técnico propio da economía empresarial, integra, con todo, múltiples aspectos relacionados coa psicoloxía, a psicoloxía social e do traballo, a tecnoloxía, as técnicas e teorías da organización e da información, o dereito mercantil, etc. A parte da análise técnica, imprescindible para o coñecemento do funcionamento dunhas empresas cada vez máis complexas no seu funcionamento, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o valor social do espírito emprendedor, concedéndolle tanta relevancia ao análise puramente económico e instrumental como aos aspectos sociais.</p> <p>A Integración desta asignatura no plan de estudos queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Contesta á importante demanda social que nos últimos tempos esixe un coñecemento máis científico e técnico do ámbito da Actividade Física e o Deporte, á vez que se require dar resposta a problemas tan ineludibles como é o paro xuvenil e o desemprego ou subemprego dos universitarios.</li><li>2. Responde á letra e ao espírito da normativa legal que regula a creación e funcionamento dos Institutos Nacionais de Educación Física, así como o contido esencial da Lei de Reforma Universitaria e a súa reforma cando considera que a universidade ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta.</li></ol>
----------------------------	---

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A32	Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos.
A34	Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersonal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.



B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Adquirir as habilidades e competencias necesarias para poñer en marcha unha pequena empresa ou a incorporación ao mercado de laboral como traballador autónomo. Coñecer de forma integrada a realidade da problemática da creación dunha empresa. Coñecer e aplica-los principios de formación básica na etapa de iniciación dun proxecto empresarial. Vivencia-lo esforzo do proceso de reflexión que supón a posta en marcha dun proxecto empresarial. Desenvolver no alumno o nivel de autonomía e competencia necesario para a creación de empresas e o autoemprego. Introducir ao alumno na análise e interpretación da bibliografía en torno ao eido da creación de empresas. Estimula-lo interese do alumno na procura de fontes de información primarias e secundarias, así como o manexo da documentación necesaria para a elaboración do plan de empresa e a súa presentación. Analiza-lo proceso de aprendizaxe na adquisición de habilidades necesarias para o funcionamento exitoso dunha empresa. Saber definir obxetivos, medios, estratexias axeitadas para o tipo de empresa que se proxecta create a súa contorna. Experimentar e supera-las dificultades que supón elabora-lo plan de empresa dun proxecto empresarial e adquirir a capacidade de esforzo e reflexión necesarios. Adquirir habilidades para traballar en grupo e facer exposicións públicas dos traballos realizados. Valorar socialmente a iniciativa emprendedora e recoñecemento do importante labor social. Valorar e entede-lo traballo dos compañeiros na facilitación da aprendizaxe. Integración do alumnos no traballo grupal. Saber aplica-las diferentes técnicas de observación da realidade para detectar ideas de empresa. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise de mercados. Coñecer e aplica-las técnicas do análise DAFO. Coñecer-las diferntes estratexias posibels para unha pequena empresa. Saber defini-las variables da mercadotecnia e aplica-las ao caso dunha pequena empresa ou dunha empresa de servizos do eido laboral. Coñece-las diferencias entre unhas formas xurídicas e outras, en canto a responsabilidade, requisitos, funcionamento, toma de dicisións, etc. Coñece-la ficalidade á que vaise ver sometida a empresa no seu funcionamento, tanto a imposición directa como indirecta. Adquirir competencias e habilidades que permitan atopar axudas para levar a cabo o proxecto. Saber facer o plan de empresa de unah pequena ou mediana empresa.	A32 A34	B3 B4 B5 B6 B19 B20	C4 C5

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1. A creación de empresas e a iniciativa emprendedora.	<p>Subtema 1</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción: o emprendemento e o valor social da creación de empresas</li> <li>2. Os elementos esenciais no proceso de creación de empresas               <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1 A idea de empresa e manantiais para obtela. A validación da idea. O modelo de negocio ou deseño empresarial.</li> <li>2.2. O emprendedor: características do emprendedor e consecuencias da decisión de emprender</li> <li>2.3 O plan de empresa: qué é, para qué e cómo se elabora.</li> <li>2.4 Aspectos legais da creación dunha empresa</li> </ol> </li> </ol>



<p>Tema 2. O plan de empresa</p>	<p>Subtema 2. A elaboración do plan de empresa</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. O estudio de mercado             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1 Obxetivos e fases da elaboración</li> <li>2.2 O entorno e a creación de empresas</li> </ol> </li> <li>3. O análise DAFO</li> <li>4. A mercadotecnia             <ol style="list-style-type: none"> <li>4.1 O produto/servicio</li> <li>4.2 O precio</li> <li>4.3 A distribución</li> <li>4.4 A comunicación</li> </ol> </li> <li>5. A segmentación e a estratexia</li> <li>6.A previsión de ventas</li> </ol> <p>Subtema 3. A viabilidade do proxecto empresarial</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción á análise económica-financeira dun proxecto empresarial</li> <li>2. A análise financeira             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1 O balance</li> <li>2.2 Técnicas de análise</li> </ol> </li> <li>3. A análise económica             <ol style="list-style-type: none"> <li>3.1 A conta de resultados (PeG)</li> <li>3.2 Técnicas de análise</li> </ol> </li> </ol>
<p>Tema 3. Guía para a elaboración do plan de empresa</p>	<p>Guía para a elaboración do plan de empresa</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. O estudio de mercado</li> <li>3. O plan comercial</li> <li>4. O plan de organización e de recursos humanos</li> <li>5. Os aspectos legais</li> <li>6. A análise económica-financeira</li> <li>7. Conclusións</li> <li>8. Anexos.</li> </ol>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Workshop	A32 A34 B4 B5 B6 B19 B20	9	12	21
Guest lecture / keynote speech	A32 A34 B5 C4 C5	20	50	70
Simulation	A32 A34 B3 B4 B5 C5	12	24	36
Student portfolio	A32 A34 B20 C5	1	18	19
Objective test	A32 A34	3.5	0	3.5
Personalized attention		0.5	0	0.5

(\* )The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Workshop	<p>Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.</p> <p>Se realizarán prácticas grupais dos contidos da asignatura. Dentro dos métodos existentes para facer prácticas dos contidos teóricos estudados utilizaremos o de probas de ensaio ou resposta libre coa posibilidade de ser complementados con probas de tipo test. A aplicación deste método implica a formulación dunha ou varias cuestións, que el alumno deberá desenvolver. O profesor utilizará como principios do procedemento de corrección:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A precisión na resposta.</li> <li>- A utilización de representacións gráficas como medio de expresión dos razonamentos.</li> <li>- A identificación dos conceptos e relacións relevantes.</li> <li>- Xerarquizar a súa importancia.</li> </ul>
Guest lecture / keynote speech	<p>É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.</p> <p>A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, có fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos mais importantes da materia, e debera polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios.</p> <p>A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmitir os contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema.</li> <li>- Análise dos aspectos principais que integran o tema.</li> <li>- Síntese integradora do exposto.</li> <li>- Fixación breve e sinóptica do tema.</li> </ul>
Simulation	<p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levara a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p> <p>En concreto a simulación faise en tres fase:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1ª. Diseño do modelo de negocio (CANVAS)</li> <li>2ª. Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financeira</li> <li>3ª. Estudo de viabilidade do proxecto que se analiza co plan de empresa</li> </ol>
Student portfolio	<p>É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.</p>
Objective test	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>

## Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



Simulation Student portfolio Workshop Guest lecture / keynote speech	Para un mellor rendemento na aprendizaxe e realización da simulación é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso e así asegurar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
--	--

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Simulation	A32 A34 B3 B4 B5 C5	<p>O traballo de simulación consistirá el participar nas sesións presenciais no xogo de simulación emprendedora proposto polo profesor para sere realizado en grupo e que farese en tres fase nas que os alumnos deberán entregar as súas producións correspondentes a cada fase:</p> <p>1ª. Diseño do modelo de negocio (CANVAS)</p> <p>2ª Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financeira</p> <p>3ª Estudio de viabilidade do proxecto que se analiza co plan de empresa.</p> <p>Cada unha das producións de estas fase valerá 10 puntos que serán otorgados polo profesor en función da participación activa nas sesións e a clidade do resultado acadado.</p>	30
Workshop	A32 A34 B4 B5 B6 B19 B20	<p>Nas sesións presenciais propoñeranse a realización de prácticas, lecturas e análise de documentos que poderán facerse en grupo, procurando así unha aprendizaxe colaborativa entre os membros do grupo.</p> <p>Fáranse dous obradoiros de control cos que se otorgarán os puntos por medio de unha proba obxetiva tipo test. Cada unha valera 10 puntos que serán concedidos sempre que se houbesen feito todas as prácticas propostas e se acade o apto na práctica de control, na que se poderá utilizar o seu portafolios con todo o material que o alumno teña recopilado sobre a materia, mediante un test similar ao da proba obxetiva do curso. En caso de non ter todas as prácticas ou non acadar o apto na práctica de control cada obradoiro valerá 5 puntos.</p>	20
Objective test	A32 A34	<p>Farase unha proba obxetiva nas datas establecidas para exame final da asignatura que englobará os contidos da materia.</p> <p>A proba obxetiva será un test de resposta pechada, con catro alternativas e soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto.</p> <p>Será necesario acadar 20 puntos (un 4 sobre 10) como mínimo nesta proba para poder sumarlle aos puntos da proba os das restantes metodoloxias de avaliación. En caso de no chegar a dita puntuación mínima, a calificación do alumno otorgarase exclusivamente coa calificación de esta proba obxetiva, valorada sobre 10. Os puntos acadados nas outras metodoloxias de avaliación se lle gardarán para ser engadidos á puntuación obtida na proba obxetiva da segunda oportunidade, na rexerán os mesmos condicionantes que na primeira.</p>	50
Others			

### Assessment comments



## SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA:

A calificación de APTO acadarse con 50 puntos, sendo necesario obter, como mínimo, 20 puntos na proba obxetiva do curso (exame final). En caso contrario a calificación do alumno será a que resulte das probas obxetivas, valoradas ao 100%, sen engadir os puntos das reatantes producións do curso. Faranse obradoiros ao longo do curso nos que se incluírá, a modo de xogo de simulación emprendedora, a posta en marcha dun proxecto empresarial para o que se fará o deseño empresarial e se elaborará un plan de empresa co correspondente análise da viabilidade. Se deberán entregar, na data límite que figurará no cronograma das actividades, as seguintes producións: 1º. A idea e o deseño empresarial (modelo de negocio, Canvas) 2º. A elaboración do plan de empresa 3º. O estudo de viabilidade. Por medio de estes tres obradoiros iredes dandolle forma á vosa idea inicial para converterla nun proxecto que supoña unha oportunidade para acceder ao mercado laboral como emprendedores. Este proceso require a implicación de todo os membros do grupo e a súa coordinación xa que trala sesión presencial o traballo pódese continuar ata a data de entrega como unha actividade grupal do obradoiro no que se estea a traballar. O proceso de ensinanza-aprendizaxe que supón a utilización de esta metodoloxía de aprendizaxe implica que o tempo das sesións presenciais utilizarase fundamentalmente para aplicar o coñecemento, coas orientacións do profesor, dos conceptos contidos nos temas que o alumno deberá ter traballado con anterioridade as sesións presenciais. Este sistema consiste en ?darlle a volta á clase? (flip the classroom) ao facer os obradoiros na clase en lugar de facelos na casa. Por outra banda a simulación consiste na representación dun fenómeno de natureza técnica e relativa á competencia emprendedora aue permite unha análise máis sinxela, económica e inocua que si se levara a cabo na realidade. Ponse ao alumno ante unas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situación concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Básase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ao tempo que se empregarán na avaliación do alumno. No noso caso constitúe ademáis un exercicio completo e integrador, tanto pola diversidade dos aspectos que aborda como do número de variables que se manexan ao plantexar unha iniciativa emprendedora. Os alumnos, integrantes de cada un dos grupos de traballo, terán tamen o reto de asumir un determinado rol dentro do grupo co que, en función das súas competencias e coñecementos sobre determinados aspectos do traballo a desenvolver, cada un optimice as súas habilidades individuais poñendoas ao servizo do grupo para acadar os obxetivos propostos. Entre as habilidades que se poderán desenvolver se poden destacar:- Liderado- Aprendizaxe autónoma- Capacidade de análise- Toma de decisións - Traballo en equipo- Capacidade de comunicación. O proceso de ensinanza-aprendizaxe levará unha secuencia temporal que se ofrece no cronograma de actividades ao comenzo do curso.

SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL (alternativo ao sistema de avaliación continua):

Para atender as necesidades especiais dos estudantes con dedicación a tempo parcial ou de modalidades específicas de aprendizaxe e apoio a diversidade ofrécese un sistema de avaliación final, ao que poderán acollerse todos os alumnos que o dexeisen. Así mesmo, si por necesidades especiais o alumno necesítase algunha especificidade nas metodoloxías para a súa avaliación deberá indicalo ao profesor quen lle dará una alternativa adaptada as súas circunstancias particulares. O sistema de avaliación final consistirá nunha proba na fecha establecida pola Xunta de Facultad coa que o alumno obterá o súa calificación na asignatura. A proba será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto. As preguntas de resposta aberta poderán ser unha breve explicación, un resumo, unha representación e interpretación de gráficas, a resolución de problemas, etc. A calificación de APTO se acadará con 50 puntos. No caso de avaliación final, se non se realizar a proba obxetiva, a calificación nesa convocatoria será NON PRESENTADO.

Sources of information



<p><b>Basic</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2013). Creación de empresas: creaemp@yahoo.es .</li> <li>- ALMOGUERA, JOSÉ ANTONIO Y OTRO (2000). Manual práctico de creación de empresas. Editorial SA de Promociones y Ediciones. Madrid</li> <li>- ALONSO JULIÁN, JOSÉ Mª (1997). Creación y gestión de la propia empresa. Editorial Santillana. Madrid</li> <li>- ASENSIO DEL ARCO, EVA Y OTRO (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Paraninfo. Madrid</li> <li>- BAYÓN, Mº I. Y OTROS (1.986). Cómo crear una empresa. Editorial GEOE-CEPYME. Madrid</li> <li>- BELMONTE SÁNCHEZ, INMACULADA Y OTRO (1998). Proyecto empresarial. Editorial Editex, SA, Madrid</li> <li>- BERMEJO, MANUEL Y OTROS (1996). La creación de la empresa propia. Consejos prácticos para su puesta en marcha con éxito. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE MADRID (2000). Guía para la creación de empresas. Editorial Cámara de Comercio e Industria de Madrid. Madrid</li> <li>- EQUIPO DE ECONOMISTAS DVE (1.991). Cómo crear su propia empresa. Editorial De Vecchi, S.A. Barcelona</li> <li>- GIL ESTALLO, Mª A. Y OTRO (1993). Cómo crear y hacer funcionar una empresa. Editorial ESIC. Madrid</li> <li>- HALLORAN, JAMES W (2000). Curso McGraw-Hill de creación de empresa. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- LUDEVID, M. Y OTRO (1994). Como crear su propia empresa. Editorial Marcombo. Madrid</li> <li>- PENALONGA, ANXO (2010). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Santillana. Madrid</li> <li>- SALINAS SÁNCHEZ. JOSÉ MANUEL Y OTROS (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- SOUFI GÓMEZ, S (1.997). Manual práctico de creación de empresas. Editorial Cinco Días. Madrid</li> </ul>
<p><b>Complementary</b></p>	<p>La bibliografía complementaria para preparar cada uno de los subtemas de esta asignatura se facilitarán con los contenidos que se pueden descargar de la web <a href="http://fagullo.info">http://fagullo.info</a></p>

**Recommendations**

**Subjects that it is recommended to have taken before**

**Subjects that are recommended to be taken simultaneously**

**Subjects that continue the syllabus**

**Other comments**

Para cursar a asignatura de Creación e Dirección de Empresas Deportivas (optativa) non é imprescindible ter coñecementos previos sobre temas económicos. Pero é unha asignatura de moito proveito cando o alumno ten idea de poñer en marcha un proxecto empresarial como vía para de acceso ao mercado laboral. A materia de Creación de empresas permitirá ao alumno coñecer como llevar a cabo a posta en marcha e comprender o proceso de elaboración do plan de empresa e experimentar o traballo de reflexión que conleva.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.